

Nome beneficiario	Partida orzamentaria	Subvención concedida € ano 2006	Subvención concedida € ano 2007	Subvención concedida € ano 2008	Subvención concedida € ano 2009	Subvención concedida € ano 2010	Subvención concedida € ano 2011	Finalidade
Venancio Alonso Doval	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	10.000	7.497		Abandono de actividade comercial
María Cristina Álvarez Álvarez	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	10.000	5.831		Abandono de actividade comercial

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 11 de decembro de 2006 pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión de axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios convocadas pola Orde do 11 de abril de 2006.*

A Consellería do Medio Rural convocou para o ano 2006 axudas a investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios mediante a Orde do 11 de abril de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 77, do 21 de abril).

No artigo 16 da orde detállanse as aplicacións orzamentarias e os importes económicos previstos para o financiamento das axudas. Este artigo prevé expresamente a posibilidade de incrementar a dotación orzamentaria contida na referida orde, polo que, tendo en conta que o número de solicitudes presentadas superou as previsións realizadas por esta consellería, cómpre ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confiren os artigos 78 e 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

### DISPOÑO:

Artigo único.

1. Amplíase a dotación orzamentaria que se establece na orde desta consellería do 11 de abril de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 77, do 21 de abril), pola que se establecen as bases e se convocan para o ano 2006 as axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios.

2. O incremento da dotación será de 8.847.565,59 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.712-B 770.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

3. Tamén se poderán utilizar outros remanentes adicionais que puidesen existir na mesma aplicación. En todo caso, a concesión das axudas limitarase ás disponibilidades orzamentarias.

4. Esta modificación non afecta o prazo que se establece para a presentación de solicitudes de axuda na devandita Orde do 11 de abril de 2006.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2006.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural

*Orde do 14 de decembro de 2006 pola que se ditan disposicións para o desenvolvemento no eido agrario do Decreto 227/2006, do 7 de decembro, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polas inundacións acaecidas no mes de novembro en Galicia.*

O Decreto 227/2006, do 7 de decembro, regula as axudas para a reparación dos danos causados polas inundacións acaecidas durante o mes de novembro no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no artigo 7 da citada norma, será obxecto de axuda a reparación dos danos causados polas inundacións en explotacións agrícolas e gandeiras que non fosen cubertos polas medidas que puidesen adoptar outras administracións ou por calquera outra fórmula de aseguramento, público ou privado.

As axudas reguladas no devandito decreto réxense polo réxime establecido no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, aínda que acolléndose expresamente ao procedemento de concesión directa, previsto no punto 8º do mesmo artigo, dadas as razóns de interese público, social, económico e humanitario que concorren neste caso.

En consecuencia, por razóns de urxencia, considérase conveniente establecer a convocatoria pública das axudas polos danos causados polas inundacións acontecidas no mes de novembro en Galicia, determinando os termos municipais e núcleos de poboación afectados en desenvolvemento do artigo 1 do Decreto 227/2006.

Así mesmo, tendo en conta a urxencia existente na valoración dos danos e a tramitación das axudas, así como a concorrencia doutros sistemas de cobertura de danos e de axudas que tamén poden amparar o resarcimento das perdas ocasionadas polas inundacións nas explotacións agrícolas e gandeiras, cómpre establecer un sistema de xestión centralizado para asegurar unha eficaz e equitativa asignación das axudas aquí reguladas.

A disposición derradeira primeira do Decreto 227/2006, do 7 de decembro, faculta os titulares dos distintos departamentos autonómicos para ditaren, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento, entendendo como competente á Consellería do Medio Rural para a concesión das axudas por danos a explotacións agrícolas e gandeiras.

Xa que logo, de conformidade cos artigos 78 e 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

### DISPOÑO

#### Artigo 1º.-Obxecto.

1. Esta orde ten por obxecto desenvolver o réxime de axudas establecidas no Decreto 227/2006, do 7 de decembro, que regula as axudas para a reparación dos danos causados polas inundacións acaecidas durante o mes de novembro no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito das competencias da Consellería do Medio Rural e que esta conceda con cargo aos seus orzamentos.

2. Poderán ser obxecto de axuda a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas durante o mes de novembro de 2006 en explotacións agrícolas e gandeiras que non fosen cubertas polas medidas que poida adoptar a Administración xeral do Estado ou por calquera fórmula de aseguramento, público ou privado no ámbito dos concellos de Arzúa, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Rianxo, Ribeira e Rois, na provincia da Coruña, e A Illa de Arousa, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Catoira, Cuntis, Marín, Meaño, Meis, Moaña, O Grove, Poio, Pontevedra, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Valga, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa na provincia de Pontevedra.

3. As axudas concederanse en réxime de concesión directa e serán financiadas con cargo aos orzamentos da Consellería do Medio Rural.

4. A natureza destas axudas terá carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público e privado, estatal ou inter-

nacional, e complementario do que poidan ser beneficiarios os afectados e, cando os citados sistemas non cubran a totalidade dos danos, serán compatibles en concorrencia con outras subvencións, indemnizacións, axudas, ingresos e recursos, procedentes de sistemas públicos ou privados, estatais ou internacionais, ata o límite do dano producido.

#### Artigo 2º.-Beneficiarios.

Serán beneficiarios das axudas previstas nesta orde os titulares das explotacións agrícolas e gandeiras que sufrisen os danos obxecto de axuda, na medida en que non fosen totalmente cubertas por calquera outro sistema de cobertura de danos público ou privado.

#### Artigo 3º.-Solicitudes.

1. As solicitudes de axuda presentaranse mediante instancia segundo o modelo anexo, debidamente cubertas e asinadas polo beneficiario, dirixidas ao conselleiro do Medio Rural. Presentaranse preferentemente no rexistro xeral desta consellería nos servizos centrais, ou do modo previsto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. A presentación da solicitude comporta o compromiso de facilitar a documentación complementaria que se poida requirir, así como de permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto esta Administración considere oportunas. Así mesmo, leva consigo a autorización ao órgano xestor da axuda a solicitar as certificacións nos termos do artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2006.

3. A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

a) Copia do NIF ou CIF do solicitante.

b) Certificado da entidade bancaria acreditativo de que a conta citada na solicitude para a domiciliación dos pagamentos corresponde ao solicitante.

c) No caso de persoas xurídicas, copia compulsada do documento de constitución da sociedade e dos estatutos e certificado expedido polo órgano xestor da sociedade en que conste o acordo de solicitar a axuda e a identidade da persoa autorizada para solicitala e tratándose de montes veciñais en man común, certificado de estaren inscritos no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común.

d) Declaración sobre calquera outra subvención ou axuda procedente de entidades públicas para os mesmos fins para os que se solicita a axuda ao abeiro desta orde.

e) Memoria sobre os danos causados na explotación agrícola ou gandeira, incluíndo unha relación valorada destes, a xustificación da titularidade, propiedade ou dereito de uso dos citados bens e a acreditación por medio de calquera medio probatorio documental ou gráfico dos danos sufridos obxecto de axuda. No caso de gando morto, achegarase a referencia do código de explotación agraria e a identificación do animal.

#### Artigo 4º.-Prazo de presentación.

As solicitudes de axuda presentaranse no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo 5º.-Tramitación.

1. As unidades administrativas receptoras remitirán as solicitudes aos servizos técnicos agrarios das delegacións provinciais da Consellería do Medio Rural, co fin de comprobar se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde.

2. Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados nos puntos anteriores, requirirase o interesado na forma establecida no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, considerárase que desistiu da súa petición, logo de resolución ditada para o efecto.

3. Os servizos técnicos da Consellería do Medio Rural realizarán inspeccións sobre o terreo emitindo os informes necesarios para completar o expediente administrativo.

#### Artigo 6º.-Determinación da axuda.

1. As axudas concederanse de acordo cos seguintes criterios:

a) No caso de producións agrícolas poderá concederse unha axuda ata o valor dos danos rexistrados na explotación, na produción esperada para a campaña.

b) No caso de bens, equipamentos e maquinaria, poderá concederse unha axuda ata o custo efectivo da restauración.

c) No caso de gando poderá concederse unha axuda consonte o baremo establecido nos anexos do Real decreto 1328/2000, do 7 de xullo.

2. Os servizos técnicos da consellería comprobarán os danos causados para reparar mediante estas axudas e emitirán informe coa súa valoración.

#### Artigo 7º.-Instrución.

1. A Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria será a competente para

a tramitación e instrución do procedemento de concesión das axudas, sendo de aplicación para o seu desenvolvemento o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Á vista dos informes emitidos polos servizos técnicos da consellería, a dirección xeral instrutora, unha vez valoradas as circunstancias e os danos causados, determinará a contía da axuda e elevará a proposta ao conselleiro para a súa resolución.

#### Artigo 8º.-Resolución.

1. A resolución das axudas competeralle ao conselleiro do Medio Rural, quen procederá á súa resolución a medida que se vaian presentando as solicitudes e notificaráselles aos interesados no prazo de dez días a partir da data en que se ditase a resolución e publicarase nos termos previstos no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

2. O prazo para resolver e notificar as subvencións será o previsto no artigo 1.2º da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se transcorre o citado prazo máximo sen recaer resolución expresa por parte do órgano competente, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes, para os efectos da interposición dos correspondentes recursos potestativos de reposición e contencioso-administrativo.

#### Artigo 9º.-Xustificación e pagamento das subvencións.

1. O pagamento total das axudas xustificárase por medio de comprobación dos gastos pola reposición dos bens afectados, excepto no suposto das axudas previstas no artigo 6.1º a). No caso de gando morto, o pagamento farase efectivo unha vez comprobado o asentamento deste no Rexistro de Explotacións Gandeiras a favor do solicitante da axuda.

2. A Administración poderá solicitar a documentación adicional de carácter complementario que se considere necesaria para a xustificación das subvencións concedidas ao abeiro desta orde.

3. A documentación xustificativa do gasto presentárase preferentemente perante a Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria da Consellería do Medio Rural, no edificio administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela.

## Artigo 10º.-Control.

1. A Consellería do Medio Rural poderá realizar os controis administrativos e inspeccións que considere oportunos co fin de comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda. O beneficiario estará obrigado a colaborar na citada inspección, proporcionando os datos requiridos e facilitando, se é o caso, o acceso á explotación.

2. O beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

## Artigo 11º.-Importe máximo das subvencións.

O importe máximo das axudas reguladas nesta orde non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo dos danos causados aos beneficiarios ao longo do mes de novembro de 2006.

## Artigo 12º.-Financiamento.

1. As axudas económicas reguladas nesta orde faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.614A.774.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e polo importe de 500.000,00 euros.

A dita cantidade poderá ser incrementada con fondos adicionais procedentes desta ou outras administracións.

2. En todo caso, a concesión das axudas estarán sometidas á condición de existencia de crédito axeiado e dabondo no momento da resolución.

## Artigo 13º.-Réxime de recursos.

1. A convocatoria desta axuda, as súas bases e todos cantos actos administrativos deriven dela poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. As resolucións expresas ou presuntas ditas en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa en contra delas poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos; ou ben poderá ser impugnada directamente

ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Artigo 14º.-Réxime de reintegros, infraccións, sancións e responsabilidades.

O réxime de reintegros, infraccións, sancións e responsabilidades aplicables será o regulado no artigo 78 e 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-Nos aspectos non regulados nesta orde, haberá que atermos ao disposto no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro) e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Segunda.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Así mesmo a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento dos datos para os efectos do disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Terceira.-A resolución de concesión das axudas reguladas nesta orde quedará condicionada á decisión positiva da Comisión Europea sobre compatibilidade destas co mercado común, de acordo co establecido no artigo 88.3º do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar os actos e as medidas necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2006.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*ANEXO*

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS Á REPARACIÓN DE DANOS E PERDAS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS NO EIDO AGRARIO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR328B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

NOME		NIF / CIF	
[ ]		[ ]	
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)	CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	
[ ]	[ ]	[ ]	
PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	
[ ]	[ ]	[ ]	

**E, na súa representación:**

PRIMEIRO APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO	NOME	NIF
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)		CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
[ ]		[ ]	[ ]
PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	
[ ]	[ ]	[ ]	

**DATOS BANCARIOS**

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
NOME		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
[ ]		[ ]	
PROVINCIA	POBOACIÓN	CÓDIGO POSTAL	
[ ]	[ ]	[ ]	

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

NIF ou CIF  
 CERTIFICADO DA CONTA BANCARIA  
 ACTA DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE, SE É O CASO  
 CERTIFICADO DO SECRETARIO DA SOCIEDADE  
 CERTIFICACIÓN DE INSCRUCIÓN NO REGISTRO DE MVMC  
 NO CASO DE REPRESENTACIÓN: AUTORIZACIÓN PARA FACER A SOLICITUDE  
 DECLARACIÓN DE AXUDAS  
 MEMORIA DOS DANOS  
 XUSTIFICACIÓN DA TITULARIDADE, PROPIEDADE OU DEREITO DE USO  
 CEA

**AUTORIZO:** De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración Pública galega, a Consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

**O que abaixo asina solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do 14 de decembro de 2006 da Consellería do Medio Rural**

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Decreto 227/2006, do 7 de decembro, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polas inundacións acaecidas no mes de novembro en Galicia.</i> <i>Orde do 14 de decembro de 2006, pola que se ditan disposicións para o desenvolvemento no eido agrario do Decreto 227/2006, do 7 de decembro, de medidas urxentes para a reparación de danos causados polas inundacións acaecidas no mes de novembro en Galicia.</i>	(A cubrir pola Administración) RECIBIDO [ ] REVISADO E CONFORME [ ]	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAIDA ____/____/____
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA  En _____, a _____		

Conselleiro do Medio Rural

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

*Orde do 14 de decembro de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas para os concellos afectados polas inundacións producidas no presente mes de novembro.*

No pasado mes de novembro producíronse inundacións que afectaron de xeito significativo o desenvolvemento da actividade humana en amplas zonas do país, inundacións que provocaron, ao mesmo tempo, importantes deterioracións e avarías en servizos prestados polos concellos relacionados con competencias da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, como as relativas ao abastecemento de auga potable, saneamento de augas residuais, equipamentos para a recollida e tratamento de residuos, áreas recreativas e espazos naturais singulares e outros equipamentos semellantes de carácter ambiental.

Co gallo de paliar as situacións de necesidade ocasionadas polas devanditas inundacións e mesmo contribuír a rexenerar os valores naturais e a reactivar a economía das zonas afectadas, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do pasado sete de decembro, acordou a adopción dunha serie de medidas urxentes, como axudas para contribuir á reparación dos danos causados.

En virtude do anterior aprobouse o Decreto 227/2006, do 7 de decembro, que recolle o tipo de axudas que se van conceder, así como a forma de concesión, cabendo incluso a concesión directa, ademais de se fixaren os requisitos básicos seus.

O artigo 10 da devandita disposición establece a posibilidade de intervención directa, así como da concesión de axudas, polos gastos extraordinarios en que incorresen as entidades locais como consecuencia directa das inundacións, así como para reparar os danos ocasionados nas infraestruturas locais.

Por outra banda, no artigo 12 dispónse que as citadas axudas se financiarán con cargo aos orzamentos das respectivas consellerías afectadas e a disposición derradeira primeira faculta os distintos titulares dos departamentos da Xunta de Galicia para que, no ámbito das súas competencias, diten as disposicións necesarias para o desenvolvemento do citado decreto, relación de consellerías en que figura a de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

O réxime xeral das axudas e subvencións públicas establécese nas disposicións básicas da Lei 38/2006, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como nos artigos 78 e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. A nivel regulamentario a normativa principal constitúea o Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Segundo a antedita normativa, o réxime ordinario de concesión de axudas é o da concorrencia competitiva. Porén, tamén se admite a concesión directa, así como a concorrencia non competitiva, como nesta orde, na que, malia darse un prazo máximo dun mes para que os concellos presenten as súas solicitudes,

estas pódense ir resolvendo a medida que se vaian presentando, pola natureza compensatoria dos danos causados polas inundacións, ao atenderse todas as solicitudes que se presenten que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria, polo que cabe a súa concesión durante o presente exercizo.

Xa que logo, de conformidade co artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e no uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e natureza.

1. A presente orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e a convocatoria dun procedemento de concesión directa das axudas establecidas polo Decreto 227/2006, do 7 de decembro, destinadas a sufragar os gastos extraordinarios das entidades locais, derivados das actuacións inaprazables con ocasión das inundacións do presente mes de decembro, gastos realizados no mesmo momento de producirse estas ou nos inmediatamente posteriores á finalización dos feitos causantes, coa finalidade de garantir o funcionamento dos servizos públicos esenciais e imprescindibles e a vida e seguranza das persoas.

2. Estas axudas terán carácter subsidiario e complementario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, nacional ou internacional, de que poidan ser beneficiarios os afectados; cando os citados sistemas non cubran a totalidade dos danos serán compatibles en concorrencia con outras subvencións, indemnizacións, axudas, ingresos e recursos, procedentes de sistemas públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ata o límite do dano producido.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

1. Ao abeiro da presente convocatoria poderanse conceder axudas, aos concellos relacionados no anexo I, para reparación dos danos causados, polas inundacións acaecidas no mes de novembro do presente ano.

2. Para tal efecto, os devanditos danos haberán de ser nos equipamentos e infraestruturas de titularidade municipal, que poidan relacionarse co ámbito competencial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, segundo o disposto no artigo seguinte.

Artigo 3º.-Actuacións subvencionables.

Sempre que cumpra co disposto nos artigos precedentes, poderase subvencionar ata o cento por cento do custo das devanditas actuacións, realizadas con medios propios ou alleos, ou adquisicións, novas ou de reposición, entre outras, nas seguintes materias:

-Instalacións de abastecemento de auga.

-Instalacións de saneamento de auga.

-Instalacións e equipamentos para a recollida e tratamento de residuos urbanos.